



Resolución do 28 de xuño de 2021, do Servizo Provincial de Pontevedra, pola que se sinala a data para o levantamento de actas previas á ocupación e formalización de actas de ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de Fomento da mobilidade sostible. Senda na PO-313. Tramo: Pardevila-Cadro, PQ 3+300-4+130, de clave PO/17/057.06, no concello de Marín.

O artigo 28 do vixente Estatuto de Autonomía de Galicia establece no seu apartado 2º a competencia da comunidade autónoma galega no desenvolvemento lexislativo e na execución da lexislación do Estado en materia de expropiación forzosa.

Con data de 8 de abril de 2021, a Xunta de Galicia procedeu á declaración de utilidade pública e urgente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de Fomento da mobilidade sostible. Senda na PO-313. Tramo: Pardevila-Cadro, PQ 3+300-4+130, de clave PO/17/057.06, no concello de Marín, polo Decreto 67/2021, publicado no *Diario Oficial de Galicia* de data de 26 de abril de 2021. Con data 7 de outubro de 2019 a Dirección Xeral da Axencia Galega de Infraestruturas aproba o proxecto de Fomento da mobilidade sostible. Senda na PO-313. Tramo: Pardevila-Cadro, PQ 3+300-4+130, de clave PO/17/057.06, no concello de Marín.

A tramitación do expediente expropiatorio debe axustarse ao disposto nos artigos 52 da vixente Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954, e 56 e seguintes do seu Regulamento de 26 de abril de 1957.

En consecuencia, este servizo, en virtude da competencia delegada mediante Orde de 7 de setembro de 2017, sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería, publicada no DOG nº 179 de 20 de setembro de 2017, resolveu convocar aos titulares de bens e dereitos afectados que figuran na relación exposta no taboleiro de anuncios do concello de Marín, para que comparezan no lugar, data e horas que se detallan a continuación, co fin de proceder ao levantamento das actas previas á ocupación, nas que se recollerán os datos necesarios para determinar os dereitos afectados, o valor destes e os prexuízos determinantes da rápida ocupación, sen prexuízo de se trasladaren ao lugar dos predios se o consideran necesario.

Termo municipal de Marín

Lugar: Salón de plenos do Concello

Data: 29 de setembro de 2021, de 10:00 as 12:00 horas.

A relación de titulares cos bens e dereitos afectados, así como o plano parcelario correspondente estarán expostos no concello de Marín, e no Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas de Pontevedra (Avda. María Victoria Moreno, num. 43-1º, 36003 Pontevedra), e publicaranse no seguinte enlace da páxina web da consellería:

https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/avisos?content=/Portal-Web/Contidos/Aviso/aviso_0273.html

Así mesmo, realizarase a convocatoria aos interesados ao levantamento das actas previas mediante notificación individual.

A dito acto deberán acudir os titulares afectados persoalmente ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, xuntando os documentos acreditativos da súa titularidade, documento nacional de identidade (e, de ser o caso, outra documentación que se requira, xustificante do pago do IBI...), así como certificado de conta con códigos IBAN e BIC, a fin de realizar os sucesivos pagos que sexan procedentes mediante transferencia bancaria, podendo facerse acompañar a súa costa, se o estiman oportuno, dos seus peritos e notarios.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 49 do Regulamento de Expropiación Forzosa de 26 de abril de 1957, este Servizo, unha vez levantadas as actas previas á ocupación, e habilitado o crédito oportuno, realizará o pagamento, mediante transferencia bancaria, do importe dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación. No suposto de non ter presentado o certificado de titularidade da conta





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

Axencia Galega de Infraestruturas
Servizo Provincial de Pontevedra

Avda. María Victoria Moreno 43-1°
36003 Pontevedra
Tfno.: 886 20 65 00
Fax: 886 20 65 05
sp.axi.pontevedra@xunta.gal



bancaria, con códigos IBAN e BIC, e a copia do D.N.I., consignarase o importe na Caixa Xeral de Depósitos, conforme o disposto no artigo 51 do Regulamento de Expropiación Forzosa do 26 de abril de 1957.

En cumprimento do artigo 55 do Regulamento de Expropiación Forzosa do 26 de abril de 1957, neste mesmo acto, convócase ao acto de formalización das actas de ocupación o cal terá lugar, logo de producirse o aboamento dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación, no lugar e data que se indican:

Termo municipal de Marín

Lugar: Salón de plenos do Concello

Data: 16 de decembro de 2021, de 10:00 a 12:00 horas

No mesmo acto ofertaráselles os propietarios as valoracións establecidas pola Administración para cada un dos predios en concepto de mutuo acordo.

O presente acordo faise público, para xeral coñecemento, advertindo os titulares que na acta figurarán os donos da cousa ou titulares do dereito expropiado, non admitíndose representación senón por medio de poder debidamente autorizado (notarial, xudicial ou do consulado), xa sexa xeral ou particular para este caso, debendo achegar a documentación necesaria para acreditar a sucesión en caso de figurar o terreo a nome de herdeiros; e que deberá identificarse co Documento Nacional de Identidade.

A fin de que os actos de formalización de actas derivadas dos procedementos expropiatorios realicense de acordo coas medidas preventivas do risco de contaxio ante a situación provocada polo coronavirus COVID-19, a Axencia Galega de Infraestruturas aprobou o protocolo de actuación que deberán respetar todos os asistentes os actos. A tales efectos, é necesario poñer en coñecemento dos interesados as seguintes indicacións:

- Os interesados poderán confirmar a data e hora fixadas para a celebración do acto ou, no caso de concorreren motivos de inconveniencia por razóns de saúde e/ou de adopción de medidas que afecten favorablemente a prevención de contaxios, poderán propoñer outro horario diferente para este, logo de cita confirmada polo persoal de contacto.
- No momento de atención, tanto o persoal da Administración e da Asistencia Técnica como o expropiado usarán mascarilla de protección ou os sistemas de protección individual que nese momento sexan obrigatorios, respetando en todo momento a distancia de seguridade fixada. Para tales efectos, establece a obriga de asistir ó acto provisto dos sistemas de protección individual (EPI) que cada momento determine a autoridade competente. No obstante, facilitarase EPI por parte da Administración no caso de que os expropiados non dispoñan dos mesmos.
- En caso de detectarse posibles síntomas compatibles coa COVID-19 nalgunha persoa presente, seguiranse obrigatoriamente as indicacións realizadas polas autoridades sanitarias para o efecto.
- Deberán asistir unicamente as persoas estritamente necesarias para realizar o trámite.
- Establécese a obriga de permanecer no local de reunión o tempo estritamente necesario.
- Non se poderá acudir no caso de presentar febre ($>37^{\circ}$) ou síntomas de problemas respiratorios.

Pontevedra, en data da firma electrónica

O xefe do Servizo

Manuel Ángel González Juanatey

